

Plan Municipal de Emprego 2012 – Concello do Porriño

ACCIÓN 6: Obradoiro de Emprego/Escola Obradoiro

A Concellaría de Emprego puxo en marcha no período 2010 - 2011 o terceiro obradoiro de Emprego, "Val da Louriña III", o que constitúe un instrumento para ofrecer os alumnos - traballadores emprego e formación.

O obradoiro ten como finalidade a inserción laboral dos desempregados/as de vintecinco ou máis anos de idade, mediante a formación profesional de carácter ocupacional complementada coa alternancia no traballo e práctica profesional. Ademais da formación profesional se proporciona un coñecemento básico en seguridade e saúde no traballo, alfabetización informática, orientación laboral e asesoramento sobre saídas profesionais.

Dentro do Obradoiro de Emprego "Val da Louriña III" do Concello do Porriño, puxéronse en marcha tres especialidades, -xardinería, carpintería e atención sociosanitaria, a través das cales se formaron 32 persoas mediante o modelo de contrato en formación, das que 23 son mulleres con mais dun ano en situación de desemprego.



Quíxose con este obradoiro de emprego dar resposta a demanda latente de servizos de atención a persoas maiores ou en situación de dependencia, así como tamén as especialidades de carpintería e xardinería.

Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

A espera da convocatoria de devanditos programas por parte da Consellería de Traballo e Benestar, a Concellaría de Empleo traballa na proposta a desenvolver en 2012, establecendo como programas preferentes para a súa execución, a atención sociosanitaria e as enerxías renovables.

Dada a gran demanda de participación manifestada polos usuarios da Bolsa de Empleo e a necesidade de formación detectada por esta Consellaría, para o ano 2012, prevese a realización de diversos programas mixtos formación e emprego baixo a formula de Obradoiro de Empleo e Escola Obradoiro, dando cabida a tódolos usuarios independentemente da su idade. Ambos programas serán financiados polo Concello do Porriño e ofertarán emprego e formación en aquelas materias onde pode existir nicho de mercado.



Plan Municipal de Emprego 2012 – Concello do Porriño

OBRADOIRO DE EMPREGO/ESCOLA OBRADOIRO	
OBXECTIVOS	Mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas mediante a realización de obras ou servizos de interés xeral e social, que posibiliten o alumnado- traballador a realización dun traballo efectivo que xunto coa formación profesional para o emprego recibida relacionada directamente con dito traballo procure a súa cualificación profesional, e posibilite a súa inserción laboral.
CARACTERÍSTICAS XERAIS	Programa formativo con alternancia laboral, levando a cabo actividades de utilidade pública ou de interese social que permitirán a inserción laboral a través da adquisición de experiencia profesional.
DESTINATARIOS	<ul style="list-style-type: none"> · Estar desempregado ou inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia.
FORMA DE ACCESO	Convocatoria anual, a través da Concellaría de Emprego e da Consellería de Traballo e Benestar.
EQUIPO	<ul style="list-style-type: none"> · Concellaría de Emprego · Consellería de Traballo e Benestar

Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

PREVISIÓN ANUAL	Convocatoria anual
FINANCIAMENTO	<ul style="list-style-type: none">· Concellaría de Empleo e Formación· Consellería de Traballo e Benestar Social· Fondo Social Europeo

